



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE GALEGUIDADE
(NUM. EXPE. 09/PL-000008).**

Emenda nº1, de Modificación. TÍTULO PRELIMINAR

Modificación do título da lei, que dará redactado co seguinte contido:

"Lei da galeguidade e da cidadanía galega no exterior."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 1

Modificación do artigo 1, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1. Obxecto e finalidade.

1.- A presente lei ten por obxecto garantir á cidadanía galega residente fóra de Galicia o exercicio dos seus dereitos e deberes nas mesmas condicións que para os residente en Galicia, así como reforzar os seus vínculos sociais, culturais, económicos e lingüísticos ca Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- A presente lei ten, tamén, como obxecto servir de marco de referencia as políticas da protección social da Comunidade Autónoma, no ámbito da emigración, co obxectivo de garantir unhas condicións de vida digna á cidadanía galega residente no exterior, naqueles ámbitos nos que sexa necesario complementar a acción do Estado, e a protección existente no país de residencia, así como a integración social e laboral daqueles e aquelas que decidan retornar a Galicia.

3.- Igualmente, é obxecto desta lei regular o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego e o recoñecemento da súa galeguidade, e o seu alcance, así como establecer as canles de participación, comunicación e apoio entre as entidades e as comunidades galegas asentadas fóra

da nosa Comunidade Autónoma co pobo de Galicia e as súas institucións."

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 2

Modificación do artigo 2,

Onde di:"Enténdese por galeguidade, para os efectos desta lei, o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e colaboraren...."

Debe dicir:"Enténdese por galeguidade o dereito da cidadanía galega residente no exterior a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego tal e como sinala o artigo 7.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia ao conxunto da cidadanía e ás súas familias, que residan fóra de Galicia.

A efectos desta lei, teñen tamén o recoñecementode galeguidade as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e colaboraren....."

Emenda nº4, de Modificación. Artigo 3

Modificación do artigo 3, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 3. Ámbito subxectivo.

1. A presente lei será de aplicación á cidadanía galega residente fóra de Galicia, entendendo como tales:

a) Os que residan no exterior e determinen como concello de inscrición, nas oficinas e seccións consulares españolas, calquera dos concellos de Galicia.

b) A cidadanía de orixe galega que se desprace fóra de Galicia, incluíndo os residentes noutras comunidades autónomas.

c) Á cidadanía de orixe galega que retorne a Galicia para fixar a súa residencia.

d) Os familiares dos anteriormente mencionados nos termos en que regulamentariamente se determinen.

2. Igualmente será de aplicación esta lei, de xeito especial os seus Títulos I e I ter), aos seguintes colectivos:

- a) Comunidades galegas legalmente constituídas fóra de Galicia, que teñan como fins estatutarios o logro dalgún dos obxectivos contemplados na presente lei.
- b) Aquelas outras as que se lle poda recoñecer algún dos dereitos que esta lei atribúe ás Comunidades previsto no apartado anterior.
- c) Asociacións e colectivos de galegos e galegas retornados que teñan como obxectivo a asistencia e a integración das persoas retornadas en Galicia."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 3

Adición dun novo artigo 3. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 3. bis). Principios xerais.

- a) A Xunta de Galicia, nos seus plans, programas e actuacións valorará a incidencia que estes teñen sobre a cidadanía galega no exterior.
- b) A Xunta de Galicia promoverá, respectando a autonomía das comunidades e asociacións galegas, a participación e colaboración destas na vida social e cultural de Galicia para o cal se crearán, con carácter estable, os canles de comunicación e apoio necesarios.
- c) A Xunta de Galicia facilitará o retorno e a inclusión social das persoas retornadas e no seu caso recoñecerá a súa procedencia nos termos en que regulamentariamente se determinen."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 3

Adición dun novo artigo 3. ter), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 3. ter). Fins.

Son fins da presente lei:

a) Regular os dereitos e deberes da cidadanía residente fóra de Galicia garantindo as condicións para facelos reais e efectivos, en igualdade cos/as residentes en Galicia.

b) Promover e poñer en valor a contribución dos galegos e galegas fóra de Galicia á dinámica económica, social e cultural da sociedade galega.

c) Dinamizar e consolidar o movemento asociativo da cidadanía galega no exterior, apoiando fundamentalmente o mantemento das comunidades galegas a través das actividades que nelas se desenvolvan e que teñan por obxecto a asistencia social, a promoción e difusión da lingua e a cultura galega, a información e asesoramento para o retorno, a proxección exterior de Galicia e a difusión dos seus valores sociais, económicos e culturais.

d) Apoiar ás asociacións de retornados/as constituídas en Galicia co fin de facilitar a información, orientación e asesoramento necesarios á cidadanía galega que decide retornar, como labor complementaria á das administracións públicas.

e) Protexer e conservar o patrimonio material e inmaterial galego no exterior e da contribución desta colectividade ao desenvolvemento de Galicia.

f) Promover e facilitar a participación activa e a presenza da cidadanía galega residente no exterior, a través dos órganos de representación e das canles legalmente constituídas, que debatan, opinen e/ou decidan sobre as políticas migratorias nos seus distintos niveis de representación: internacional, comunitario, estatal, autonómico ou local.

g) Facilitar a coordinación das actuacións desenvolvidas polas distintas administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos de competencias, a fin de lograr unha maior eficiencia e eficacia na aplicación dos recursos públicos destinados a mellorar as condicións de vida da cidadanía galega no exterior e dos retornados e das retornadas.

h) Fomentar a realización de estudos históricos e sociais sobre a situación da cidadanía galega no exterior.

i) Garantir a asistencia social á cidadanía galega no exterior que careza de recursos suficientes e que sexan persoas maiores, persoa con discapacidade, xente moza ou mulleres con especiais dificultades de integración social ou laboral, as vítimas de ditaduras e de persecución por razón ideolóxica, relixiosa, de xénero, orientación sexual ou de conciencia, aquelas que sexan obxecto de ataques ou ameazas terroristas no exterior ou vítimas de catástrofes naturais. Todo elo tendo en consideración as dispoñibilidades orzamentarias. e o ordenamento xurídico vixente."

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 4

Supresión do artigo 4.

Emenda nº8, de Adición. Artigo 4

Adición dun novo Título I. bis), debe incluírse un novo Título depois do artigo 4 e antes do artigo 5, que quedará redactado co seguinte contido:

"Título I. bis) Dos dereitos da cidadanía galega no exterior e dos retornados e das retornadas."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 4

Adición dun novo Capítulo I. bis), que irá incluído no novo Título I. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Capítulo I. bis) Dos dereitos da cidadanía galega no exterior."

Emenda nº10, de Modificación. Artigo 5

Modificación do artigo 5. que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis) que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. Da efectividade dos dereitos da cidadanía galega no exterior.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias, establecerá as medidas necesarias para prestar a debida asistencia, protección e asesoramento á cidadanía galega residente fóra de Galicia.

Para a mellor efectividade dos dereitos recoñecidos neste Capítulo, as administracións públicas de Galicia prestarán unha especial atención ó desenvolvemento dos medios e procedementos electrónicos naquelas materias que teñan especial incidencia para a cidadanía galega residente no exterior."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. bis), que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), e quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. bis) Dereito a ser elector e elixible.

As persoas galegas no exterior teñen dereito a ser electores/as e elixibles nas mesmas condicións que as establecidas na lexislación electoral de Galicia para os residentes na Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5 - ter) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. ter). Dereitos en relación á lingua e cultura de Galicia.

A Xunta de Galicia garantirá o ensino, difusión e promoción da lingua e cultura de Galicia entre a cidadanía residente fóra da Comunidade Autónoma e os seus descendentes utilizando, preferentemente, a rede de centros galegos e entidades existentes fóra de Galicia. Para a mellor consecución deste fin, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos e asinar

convenios con entidades, fundacións e institucións educativas, culturais ou asociativas que teñan interese demostrado no estudo, investigación e difusión da lingua e da cultura de Galicia.

O Goberno galego promoverá a integración dos descendentes da cidadanía galega que reside fóra de Galicia no sistema educativo galego.

O Goberno galego velará, asemade, pola incorporación da cidadanía galega residente fóra de Galicia ás universidades galegas e aos cursos e aos estudos que nelas se oferten."

Emenda nº13, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. quater) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 5. Quater) Dereito de acceso ao patrimonio cultural de Galicia.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia ten dereito a acceder ao patrimonio cultural de Galicia e ós servizos culturais nas mesmas condicións que os residentes en Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia velará pola difusión e a conservación do patrimonio cultural das colectividades da cidadanía galega residente fóra de Galicia, así como pola conservación da súa memoria histórica."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. quinquies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 5. Quinquies). Asistencia e protección da cidadanía galega residente fóra de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia, prestará unha atención especial á cidadanía galega residente fóra de Galicia, que se atope en situacións de necesidade e aos privados de liberdade,

fundamentalmente aos condenados á pena capital ou cadea perpetua, así como aos que sexan vítimas de delitos de lesa humanidade en procesos de represión política, ou afectados por catástrofes naturais ou crises sociais ou políticas."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5- sexies). que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 5. sexies). Dereito a acudir ao Valedor ou Valedora do Pobo.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia ten dereito, sen restrición algunha, ao valedor ou valedora do Pobo invocando un dereito ou interese lexítimo, nas mesmas condiciónes que os residentes en Galicia.."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. septies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido

"Artigo 5. septies). Dereito a participar na actividade parlamentaria.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia ten dereito a presentar iniciativas lexislativas populares, para o seu debate no Parlamento de Galicia, nas mesmas condicións previstas para os residentes en Galicia."

Emenda nº17, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. octies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. octies). Dereito de información.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia ten dereito a obter información sobre o conxunto das leis e demais normas que conforman o ordenamento xurídico galego, e, especialmente, sobre aquelas que afecten aos seus dereitos e intereses lexítimos.

Igualmente, teñen dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que sexan interesados, así como calquera outro dereito que como cidadán, nas súas relacións coas administracións públicas, estea previsto na normativa.

A Xunta de Galicia manterá, nas debidas condicións e actualizará de xeito permanente, o Portal sobre á cidadanía galega no exterior, como punto de información integral en internet, coordinando, a consellería competente en materia de emigración, todas as cuestións que incidan de xeito máis directo sobre a cidadanía galega no exterior, fundamentalmente no tocante aos aspectos relacionados cos asuntos sociais e no ámbito do fomento do emprego."

Emenda nº18, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. novies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. novies) Dereito de participación nos órganos representativos.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia poderá participar nos órganos representativos da cidadanía galega no exterior existentes na Administración pública de Galicia nas mesmas condicións que os residentes en Galicia e nos termos previstos polas leis.

De xeito especial, teñen dereito a participar nos asuntos que lles concirnan, a través dos órganos especialmente previstos na Administración pública de Galicia para a defensa dos seus intereses."

Emenda nº19, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. decies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. decies). Dereito de asociación.

A cidadanía galega no exterior ten dereito a asociarse en comunidades e entidades a que fai referencia a presente lei.

A tal fin, os poderes públicos de Galicia, apoiarán o movemento asociativo da cidadanía galega residente fóra de Galicia e dos retornados á Comunidade Autónoma, fomentando especialmente aqueles centros e asociacións que teñan por obxecto a promoción sociocultural, a información, o asesoramento, facilitar o retorno, así como ás súas estruturas federativas. Igualmente apoiarán aquelas iniciativas con fins sociais que desenvolvan a súa labor en países onde a cobertura social e sanitaria pública sexa inexistente, ou non garantan as necesidades básicas da cidadanía galega que alí resida.

Para garantir a continuidade e o bo funcionamento do movemento asociativo, os poderes públicos fomentarán nas organizacións, centros e asociacións da cidadanía galega de fóra de Galicia e de retornados:

- a) A igualdade de xénero.
- b) A participación de novos socios e socias que teñan a condición de galegos e galegas.
- c) A participación activa da mocidade galega e descendentes de galegos ou galegas.
- d) A participación de persoas doutras cidadanías e nacionalidades que se sintan vinculadas ou próximas á cultura e á sociedade galega.
- e) A conservación do patrimonio das entidades asociativas e a súa afectación aos fins que lle son propios."

Emenda nº20, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. undecies). que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. undecies) Dereito á protección da saúde.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia terá dereito á protección da saúde e a protección social nos termos en que regulamentariamente se estableza, que tenderá á equiparación coas prestacións dos residentes en Galicia.

A Comunidade Autónoma colaborará co Estado na atención integral da saúde da cidadanía galega residente fóra de Galicia, atendendo con carácter prioritario aos maiores e dependentes, así como aos nenos e ás nenas e outras persoas en situación de vulnerabilidade.

Para a efectividade destes dereitos, a Comunidade Autónoma de Galicia, poderá subscribir acordos con entidades aseguradoras ou prestadoras de cuidados de saúde dos países de residencia das colectividade galegas, prestando unha atención especial ás entidades ou institucións galegas que puideran prestar a devandita atención e, na medida en que fose posible, coordinando as súas actuacións coas doutras administracións estatais, autonómicas ou locais."

Emenda nº21, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. duodecies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. duodecies). Prestacións por razóns de necesidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos en que regulamentariamente se determine, poderá complementar as prestacións básicas do Estado, garantindo o dereito da cidadanía galega residente fóra de España, a percibir prestacións cando se atopen en situación de dependencia ou necesidade por carecer de rendas ou ingresos suficientes para cubrir as súas necesidades básicas, de acordo á realidade socioeconómica do país de residencia.

A Comunidade Autónoma de Galicia prestará especial apoio, en particular económico, a aqueles centros e asociacións de galegos e galegas fóra de Galicia e retornados que contén con infraestruturas adecuadas para a atención de persoas con

necesidade ou en situación de dependencia, incentivando as redes que xeren un mellor aproveitamento dos recursos públicos.

Este apoio se estenderá a aquelas entidades que, sen detentar a denominación de galegas e sen ter ánimo de lucro, presten atención sociosanitaria á cidadanía galega en situación de vulnerabilidade."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. tredecies) que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. tredecies).Dereitos en materia de emprego e ocupación.

A cidadanía galega residente no exterior ten dereito a obter orientación, información e asesoramento que lles permita a súa inserción social e laboral no lugar de residencia. Sen prexuízo da información que poda facilitar a propia Administración promoverá a difusión da mesma a través das asociacións de fóra de Galicia.

Igualmente, a cidadanía galega no exterior, terá dereito á inscrición como demandante de emprego no servizo público de colocación da Xunta de Galicia para coñecer as ofertas de emprego que este xestione e acceder ás mesmas en condicións de igualdade ao resto dos galegos, así como a participar, nas condicións que regulamentariamente se determinen, nos programas de tal servizo público.

A cidadanía galega residente fóra de Galicia e as persoas retornadas teñen dereito a acceder a información a través do servizo galego de colocación, que lles permita a procura de emprego e a mellora das súas posibilidades de ocupación en Galicia.

Para a efectividade destes dereitos, así como para a incorporación efectiva ó mercado laboral das persoas con especiais dificultades, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá subscribir convenios con organismos públicos ou privados en Galicia ou fóra de Galicia."

Emenda nº23, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. quattuordecies), que irá incluído no Título I bis) Capítulo I bis) que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. quattuordecies). Igualdade de xénero.

Os poderes públicos galegos garantirán a igualdade de xénero en relación coas políticas e actividades que se deriven da aplicación desta lei. Especialmente velará pola non discriminación por razón de xénero no acceso aos dereitos e prestacións, así como na participación nas asociacións e nos órganos representativos, tendo en conta a lexislación vixente en materia de igualdade de xénero."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. quindecies), que irá incluído no Título I bis), Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. quindecies). Mocidade

O Goberno galego promoverá que a xuventude galega no exterior participe naqueles programas ou accións que teñan como finalidade impulsar a participación da mocidade na sociedade, promover valores solidarios e de respecto á diversidade, mellorar a formación, o acceso á información ou potenciar as canles de acceso ao mercado de traballo. O Goberno galego velará, especialmente, pola incorporación dos descendentes da cidadanía galega no exterior á cultura, a lingua e sociedade galega, prestando apoio as súas organizacións e fomentando a súa participación activa nos órganos de representación da colectividade galega."

Emenda nº25, ao apartado sexiesdecies), de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. sexiesdecies), que irá incluído no Título I bis), Capítulo I bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. sexiesdecies). Información e relacións ca Administración

A cidadanía galega no exterior ten dereito a obter información sobre os seus dereitos recoñecidos no ámbito social e laboral, cultural e educativo, de acordo ca normativa vixente.

Na relación ca Administración da Xunta de Galicia e, no seu caso, ca Administración local, a cidadanía galega no exterior ten os mesmo dereitos que o resto da cidadanía e especialmente o de ser informados e asistidos por estas administracións no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas, a coñecer o estado da tramitación dos procedementos nos que interveña, á resolución áxil e eficaz dos seus asuntos, a ser tratados co debido respecto e consideración, a non aportar documentación xa presentada ou que estea en poder da Administración, a solicitar certificacións das declaracións presentadas e a que as actuacións que requiran se leven a cabo do xeito menos gravoso posible."

Emenda nº26, ao apartado septies decies), de Adición. Artigo 5

Adición dun novo Capítulo I. ter) que irá incluído dentro do novo Título I bis) e despois do artigo 5. sexiesdecies) ,que quedará redactado co seguinte contido:

ªCapítulo I ter). Dos dereitos da persoas retornadas a Galicia."

Emenda nº27, ao apartado octies decies), de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5 octiesdecies), que irá incluído no Título I bis), Capítulo I ter), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. octies decies) Medidas para facilitar o retorno.

O Goberno galego, no ámbito das súas competencias, desenvolverá actuacións específicas para facilitar o regreso e a integración social da cidadanía galega retornada tales como:

- a) Promover, en colaboración co resto de administracións, unha política integral de retorno mediante o aproveitamento eficaz e eficiente dos recursos públicos.
- b) Promover medidas que faciliten o acceso á vivenda.
- c) Asinar convenios con empresas ou colectivos empresariais e sindicais para facilitar o retorno de traballadores e traballadoras.
- d) Calquera outra acción que considere conveniente no marco da presente lei."

Emenda nº28, ao apartado novies decies), de Adición. Artigo 5

Novo artigo 5.novies decies) que irá incluído no Título I bis), Capítulo I ter), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. novies decies). Dereito á información para o retorno.

A cidadanía galega residente no exterior que desexe retornar ten dereito a obter información e asesoramento, encamiñado a promover a inserción laboral e social, tanto no lugar de residencia no exterior como na súa chegada a Galicia."

Emenda nº29, ao apartado vices), de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5. vices) que irá incluído no Título I bis), Capítulo I ter), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. vices). Prestacións.

As persoas retornadas que cumpran os requisitos esixidos nos programas e accións correspondentes, poderán acceder a prestacións educativas, sanitarias e socioasistenciais cando fixaran a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia tras o retorno."

Emenda nº30, ao apartado vices semel), de Adición.
CAPÍTULO I

Adición dun novo artigo 5. vices semel), que debe ser incluído no Título I, Capítulo I do Proxecto de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5. vices semel). Movemento asociativo no exterior.

Toda a cidadanía galega de orixe, os seus descendentes, e tódalas persoas que se sintan próximas a cultura e a sociedade galega residentes fóra de Galicia, teñen dereito a organizarse colectivamente para participar nas asociacións e comunidades galegas co obxecto de dar mellor cumprimento aos obxectivos desta lei."

Emenda nº31, de Modificación. Artigo 6

Modificación do artigo 6. que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 6. Comunidades galegas.

1. A Xunta de Galicia poderá recoñecer como entidade galega ós centros galegos, asociacións e outras entidades que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser entidade sen ánimo de lucro e estar constituído de acordo co ordenamento xurídico de aplicación no territorio onde se asente.

b) Non recoller nos seus estatutos e demais normas de funcionamento ningún precepto ou disposición que contradiga o disposto na Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e demais lexislación española e galega en materia de dereitos individuais e colectivos.

c) Organizarse internamente de xeito democrático, recoñecendo a participación dos asociados e das asociadas na toma de decisións e nos órganos de representación da entidade.

d) Ter como obxectivo, o mantemento dos lazos e vínculos culturais, económicos, sociais e afectivos, con Galicia, coas súas institucións, co seu tecido asociativo e con calquera outro aspecto da súa realidade, presumindo que cumpren esta esixencia as entidades que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

1º.- Os centros con actividade continuada durante os últimos 30 anos de xeito continuado, ou máis de 50 se mediaran interrupcións.

2º.- Os centros vinculados á historia e á cultura de Galicia, a súa promoción e proxección exterior e a prestación de servizos comunitarios en favor da cidadanía galega que reside fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Os centros que contén con patrimonio artístico, arquitectónico, cultural, etnográfico ou histórico singular.

4º.- Os centros constituídos por descendentes de galegos e galegas que teñan por finalidade o coñecemento, investigación, estudo, difusión e promoción de Galicia no seu ámbito de residencia.

5º.- As federacións e/ou asociacións de centros galegos que reúnan entre os seus asociados e asociadas, cando menos, o 60% dos existentes no seu ámbito de actuación.

6º.- As asociacións ou entidades análogas que defendan os principios recollidos na presente lei e así figuren, en todo ou en parte, nos seus estatutos e acrediten unha actividade continuada de cinco anos.

7º.- As fundacións constituídas no exterior que recollan nos seus estatutos a promoción de algún dos obxectivos desta lei e acrediten unha actividade continuada de cinco anos.

8º.- Os centros de estudo e difusión da lingua e da cultura de Galicia ou da súa proxección exterior.

9º.- As redes sociais relacionadas coa galegitude.

10º.- Aquelas outras entidades que se determinen regulamentariamente.

2. Non poderán acollerse a este recoñecemento as entidades de carácter secreto, paramilitar, os partidos políticos,

sindicatos, organizacións empresariais, as igrexas e confesións relixiosas de calquera tipo, as federacións deportivas e calquera outra que necesite ser regulada por leis especiais, as que non propugnen medios pacíficos e democráticos para a obtención dos seus obxectivos, vaian en contra do principio de igualdade entre homes e mulleres, nin aquelas nos que os seus obxectivos poidan considerarse contrarios ó ordenamento xurídico español e galego."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 6

Adición dun novo artigo 6. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 6. bis). Denominación das comunidades galegas.

1. Os centros e entidades enumerados no artigo anterior deberán, necesariamente, acoller na súa denominación "Galego/a" "Galaico/a " ou "Galicia" ou calquera outro que inequivocamente amose a súa vinculación con Galicia.

2. Non se aceptarán denominacións pexorativas ou que atenten contra a dignidade individual e colectiva de Galicia e/ou os galegos e galegas.

3. En ningún caso se recoñecerá a condición de entidade galega no exterior a unha entidade cuxa denominación coincida con outra xa recoñecida. No caso de solicitudes concorrentes e simultáneas, resolverase atendendo ós anos de actividade acreditada. Se houberse coincidencia nos anos de actividade atenderase a data de creación."

Emenda nº33, ao apartado c), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.c), que quedará redactado co seguinte contido:

"c) Fomentar o coñecemento da realidade social, cultural, lingüística, económica e política de Galicia, promovendo e difundindo as potencialidades de Galicia no seu contorno socioeconómico."

Emenda nº34, ao apartado d), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.d), que quedará redactado co seguinte contido:

"d) Promover e fomentar os procesos de cooperación, colaboración, unión ou fusión entre as comunidades galegas que estean asentadas nun mesmo territorio."

Emenda nº35, ao apartado h), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.h), que quedará redactado co seguinte contido:

"h) Promover e difundir o patrimonio cultural das comunidades galegas establecidas fóra de Galicia."

Emenda nº36, ao apartado j), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.j), que quedará redactado co seguinte contido:

"j) Favorecer a participación efectiva da xuventude na vida asociativa das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, neste senso promoverase a necesaria renovación dos órganos de dirección das mesmas."

Emenda nº37, ao apartado k), de Modificación. Artigo 7

Modificación do artigo 7.k)m que quedará redactado co seguinte contido:

"k) Promover a participación efectiva da muller na vida asociativa das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, e especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección."

Emenda nº38, de Supresión. Artigo 8

Debe suprimirse.

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 9

Modificación do artigo Artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. Procedemento para o recoñecemento das entidades galegas .

1. Poderán instar o recoñecemento como entidades galegas no exterior os centros e entidades que consideren que reúnen os requisitos establecidos na presente lei. A documentación, os prazos de resolución e os demais aspectos de carácter administrativo serán determinados regulamentariamente.

2. A Xunta de Galicia, a través do departamento responsable en materia de emigración, poderá instar de oficio o recoñecemento da condición de comunidade galega, para aquelas entidades no artigo 6.1.d) 2º e 6.1.d) 3º **(de acordo ca emenda de modificación presentada)**.

3. Correspóndelle ó Consello da Xunta, mediante decreto, o recoñecemento das entidades galegas no exterior, que conlevará a inscrición no rexistro previsto na presente lei."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo artigo 9. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. bis). Perda da condición de comunidade galega.

1. Son causas da perda da condición de comunidade galega:

a) O incumprimento de calesquera dos requisitos establecidos na presente lei.

b) O incumprimento reiterado dos deberes fixados para estas entidades nesta lei.

c) A inactividade durante un período ininterrompido de catro anos.

2. O procedemento tendente á perda da condición de entidade galega exterior, poderá incoarse por denuncia ou de oficio pola Xunta de Galicia.

3. A resolución do expediente para a perda da condición de entidade galega corresponderá ó Consello da Xunta, previa audiencia da entidade afectada e escoitada a Comisión Permanente do Consello da Galeguidade.

4. A declaración da perda da condición de entidade galega no exterior dará lugar á baixa no Rexistro de Entidades Galegas. No caso de incumprimento grave dos deberes fixados para as entidades ou dos requisitos previstos nesta lei, á devolución á Xunta de Galicia das subvencións e axudas recibidas a partir do momento dos incumprimento de tales deberes ou requisitos."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Capítulo I bis), que irá incluído entre o artigo 9 bis) e o artigo 9. ter) correspondentes ás emendas presentadas, que quedará redactado co seguinte contido:

"Capítulo I bis) Dereitos e deberes das entidades galegas no exterior."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Artigo 9. ter), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. ter. Dereitos das entidades galegas no exterior.

As entidades galegas no exterior terán dereito:

a) A ter representación, con voz e voto, no Consello da Galeguidade.

b) A ser informado pola Administración das disposicións e resolucións adoptadas en materia de interese para eles.

- c) A participar da vida social, económica e cultural de Galicia e a súa proxección exterior.
 - d) Ao acceso aos medios e bens culturais de Galicia, así como os beneficios da acción da Xunta de Galicia en igualdade de condicións que as entidades asociativas radicadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) A formar parte da rede exterior da Xunta de Galicia como órganos colaboradores preferentes das delegacións da mesma no exterior, nas condicións en que regulamentariamente se determinen.
 - f) A participar das actividades que a Xunta de Galicia organice no exterior.
 - g) A recibir subvencións, axudas e achegas dos poderes públicos de Galicia. para o cumprimento dos fins e obxectivos da presente lei, así como para o mantemento, conservación e preservación do patrimonio arquitectónico e cultural do centro."
-

Emenda nº43, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo artigo 9. quater), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. quater) Deberes das entidades galegas.

1. Son deberes das entidades galegas:

- a) Realizar actividades e programas que promovan o coñecemento da cultura e lingua galega nos territorios onde están radicados.
- b) Promover a proxección exterior de Galicia, a súa cultura e lingua, a súa economía e a súa imaxe.
- c) Manter, conservar e preservar o patrimonio cultural, arquitectónico, etnográfico e histórico do centro.
- d) Promover a realización de cursos, seminarios, conferencias e actividades divulgativas da cultura, a sociedade, a economía, e a lingua de Galicia.

- e) Participar dos proxectos e programas da cooperación exterior da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito territorial da súa radicación, sempre e cando os seus medios técnicos e materiais o permitan.
- f) Elaborar a memoria anual de actividades que será presentada no departamento da Xunta con competencias en emigración.
- g) Levar contabilidade fiel da actividade económica da entidade.
- h) Prever nos seus estatutos, para o caso de disolución, o destino dos bens e do patrimonio do centro ou da entidade para a Xunta de Galicia ou para outra entidade cos mesmos fins estatutarios e inscrita no Rexistro de Entidades Galegas.
- i) Comunicar, como máximo no prazo dos 30 días seguintes a que se produza, calquera circunstancia relevante e, en particular:
 - 1º.- A modificación de estatutos.
 - 2º.- Os cambios na Xunta directiva e demais órganos de goberno.
 - 3º.- As variacións dos datos postais, telefónicos e telemáticos.
 - 4º.- O orzamento anual e a memoria de actividades."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Artigo 9. quinquies), que quedará redactado co seguinte contido;

"Artigo 9. quinquies). Incumprimento dos deberes.

1. O incumprimento puntual dos deberes por parte das entidades galegas no exterior poderá dar lugar a suspensión dos dereitos establecidos na presente lei para as mesmas durante ó tempo que dure o incumprimento. En particular, o incumprimento do deber previsto na letra h), do artigo 9. quater), conlevará que a Xunta de Galicia e as administracións

públicas galegas non poderán conceder subvencións e axudas destinadas a conservación e rehabilitación do patrimonio.

2. Os incumprimentos graves e reiterados dos deberes poderán dar lugar á perda da condición de comunidade galega."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Artigo 9. sexies), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. sexies). Outras estruturas de organización.

1. As entidades galegas, poderán constituír federacións, coordinadoras ou calquera outra estrutura representativa para a mellor defensa dos seus intereses colectivos e a consecución dos fins e obxectivos definidos na presente lei.

2. A Xunta de Galicia poderá recoñecer aos colectivos galegos integrados, conxuntamente con outras colectividade, en entidades de carácter interautonómico, estatal, tales como as casas de España ou os centros españois no exterior, ou internacionais, sempre e cando os seus estatutos e demais normas de funcionamento non contradigan o establecido na presente lei e no seu programa de actividades se contemple a difusión da lingua e a cultura galega. Os colectivos así recoñecidos, a través da entidade que os agrupa, deberán cumprir os mesmos requisitos e terán os mesmos dereitos e os mesmos deberes cas entidades galegas, coa excepción do dereito de representación previsto no artigo 9. Ter) desta Lei. **(de acordo ca emenda presentada).**"

Emenda nº46, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Artigo 9. septies), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. septies). Convenios para a prestación de servizos.

A Xunta de Galicia poderá asinar coas comunidades galegas no exterior recoñecidas como tales, convenios de colaboración para a prestación de servizos naqueles países onde non existan delegacións do Goberno galego no exterior, sempre que se acredite a súa cualificación e experiencia na xestión dos asuntos colectivos, o seu dinamismo e o seu papel como referente histórico da colectividade galega no territorio de influencia."

Emenda nº47, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Artigo 9. octies), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. octies). Protección do patrimonio por parte da Administración.

A Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados mediante as seguintes accións:

- a) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.
 - b) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de Patrimonio Universal de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.
 - c) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento."
-

Emenda nº48, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo Artigo 9. novies), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9. novies). Protección do patrimonio por parte das entidades galegas.

1. Os centros e entidades galegas deberán preservar o seu patrimonio e asemade deberán colaborar co Goberno galego tanto na catalogación e inventario como na posta de valor do patrimonio de Galicia no exterior.

2. Os centros e entidades galegas deberán contemplar nos seus estatutos que o patrimonio de especial valor histórico, artístico ou patrimonial poida ser doado á Comunidade Autónoma de Galicia en caso de disolución da entidade, se así o acordasen os seus socios e socias e se así o permite a lexislación do país no que está radicado."

Emenda nº49, de Supresión. Artigo 10

Debe suprimirse.

Emenda nº50, de Supresión. Artigo 11

Debe suprimirse.

Emenda nº51, de Supresión. Artigo 12

Debe suprimirse.

Emenda nº52, de Supresión. Artigo 13

Debe suprimirse.

Emenda nº53, de Supresión. Artigo 14

Debe suprimirse.

Emenda nº54, de Supresión. Artigo 15



Debe suprimirse.

Emenda nº55, de Supresión. Artigo 16

Debe suprimirse.

Emenda nº56, de Supresión. Artigo 17

Debe suprimirse.

Emenda nº57, de Supresión. Artigo 18

Debe suprimirse.

Emenda nº58, de Supresión. Artigo 19

Debe suprimirse.

Emenda nº59, de Supresión. Artigo 20

Debe suprimirse.

Emenda nº60, de Supresión. Artigo 21

Debe suprimirse.

Emenda nº61, de Supresión. Artigo 22

Debe suprimirse.

Emenda nº62, de Supresión. Artigo 23

Debe suprimirse.

Emenda nº63, de Supresión. Artigo 24

Debe suprimirse.

Emenda nº64, de Modificación. Artigo 25

Modificación do Artigo 25. b).

Onde di: "... comunidades galegas e aos centros colaboradores da galeguidade a favor dos/das galegos/as residentes no ámbito..."

Debe dicir: "... comunidades galegas a favor da cidadanía galega residente no ámbito..."

Emenda nº65, de Modificación. Artigo 26

Modificación do Artigo 26.

Onde di: "... comunidades galegas e aos centros colaboradores da galeguidade para este fin."

Debe dicir: ".... comunidades galegas para este fin."

Emenda nº66, ao apartado d), de Modificación. Artigo 27

Modificación do artigo 27. d), que quedará redactado co seguinte contido:

"d) A Comunidade Autónoma de Galicia apoiará os medios de comunicación promovidos polas comunidades galegas e á cidadanía galega residente no exterior e destinados a informar e dar a coñecer a realidade da Galicia exterior, especialmente a aquelas iniciativas que utilicen as novas tecnoloxías da información e a comunicación en rede."

Emenda nº67, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 28

Modificación do artigo 28. 1., que quedará redactado co seguinte contido:

"1. No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá e favorecerá as relacións entre o empresariado galego radicado en Galicia e o residente no exterior, buscando a súa maior efectividade a través dos plans, programas e accións da Xunta de Galicia que permitan a incorporación do potencial emprendedor, económico e empresarial da cidadanía residente no exterior ás políticas económicas propias de Galicia."

Emenda nº68, de Modificación. Artigo 30

Modificación do Artigo 30., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30. Rexistro das Entidades Galegas no Exterior.

O Goberno galego creará o Rexistro das Entidades Galegas adscrito ao departamento con competencias en emigración para a inscrición das entidades recoñecidas como tales.

A organización, funcionamento e acceso ao Rexistro Oficial de Entidades Galegas determinarase regulamentariamente."

Emenda nº69, de Supresión. Artigo 32

Debe suprimirse.

Emenda nº70, de Supresión. Artigo 33

Debe suprimirse.

Emenda nº71, de Supresión. Artigo 34

Debe suprimirse.

Emenda nº72, de Modificación. TÍTULO V

Modificación do Título V, que quedará redactado co seguinte contido:

"Título V. Da representación da cidadanía e das entidades galegas asentadas fóra de Galicia."

Emenda nº73, de Modificación. Artigo 35

Modificación do Artigo 35., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 35. Do Consello da Galeguidade

1. Para o cumprimento dos obxectivos contemplados na presente lei, crearase o Consello da Galeguidade como órgano deliberante e de participación dos galegos e galegas no exterior e das entidades galegas, de asesoramento e consulta, nos termos en que se determine regulamentariamente.

2. O Consello da Galeguidade é un órgano vinculado ao departamento responsable de emigración na coordinación das políticas do Goberno galego respecto á cidadanía galega no exterior."

Emenda nº74, de Modificación. Artigo 36

Modificación do artigo 36., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 36. Funcións.

1. O Consello da Galeguidade ten as seguintes funcións:

- a) Elaborar informes sobre o estado, situación e desenvolvemento das relacións entre os centros e entidades galegas e o Goberno galego.
- b) Propiciar as relacións dos centros e entidades galegas entre sí.
- c) Propoñer ao Consello da Xunta que adopte iniciativas oportunas para a elaboración ou modificación de normas con rango de lei que afecten á cidadanía galega no exterior.
- d) Informar ao Consello da Xunta sobre propostas en materia de emigración.
- e) Calquera outra que lle sexa atribuída.

2. O Consello da Galeguidade poderá ser requirido, ben directamente, ben a través da Comisión Permanente para informar sobre as normas que poidan ditarse no desenvolvemento dos dereitos recoñecidos na presente lei."

Emenda nº75, de Modificación. Artigo 37

Modificación do Artigo 37., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 37. Composición.

1. O Consello da Galeguidade estará integrado por:
 - a) O presidente ou presidenta da Xunta de Galicia que o preside.
 - b) A persoa titular do departamento con competencias e coordinador das políticas da Xunta respecto á emigración e ao retorno, que exercerá como vicepresidente ou vicepresidenta.
 - c) A persoa titular do departamento de emigración que coordina as relacións coas entidades galegas que desempeñará a Secretaría Xeral do Consello, podendo delegar estas funcións.
 - d) Unha persoa representante da consellería competente en materia de traballo, con rango mínimo de director ou directora xeral.

- e) Unha persoa representante da consellería competente en materia de sanidade con rango mínimo de director ou directora xeral.
- f) Unha persoa representante da consellería competente en materia de cultura con rango mínimo de director ou directora xeral.
- g) Unha persoa representante da consellería competente en materia de educación con rango mínimo de director ou directora xeral.
- h) Unha persoa representante da consellería competente en materia de economía con rango mínimo de director ou directora xeral.
- i) Un representante de cada un dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.
- j) Unha persoa en representación das asociacións de retornados designada conforme ao procedemento que se determine regulamentariamente.
- k) Tres persoas en representación das federacións e unións de centros e entidades atendendo á criterios de distribución xeográfica.
- l) Tres persoas en representación das organizacións xuvenís de galegos ou galesa no exterior atendendo a criterios de distribución xeográfica.
- m) Unha persoa en representación da FEGAMP.
- n) Unha persoa representante por cada entidade galega no exterior inscrita no Rexistro, como mínimo durante os seis meses anteriores á convocatoria do Consello, atendendo a criterios de representación e distribución xeográfica, segundo se dispoña regulamentariamente.
- ñ) Representantes da cidadanía galega residentes fóra de España, elixidos con criterios de representación e distribución xeográfica, mediante o procedemento que se contemple regulamentariamente.

2. Todos os membros do Consello teñen voz e voto.

3. A Comisión Permanente será elixida polo Pleno, este en base a criterios de paridade e de representación xeográfica. As súas funcións e composición serán obxecto de desenvolvemento regulamentario."

Emenda nº76, de Adición. Artigo 37

Adición dun novo Artigo 37. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 37.bis). Constitución e duración do mandato.

1. As entidades galegas, as federacións e os colectivos de retornados e de retornadas, as asociacións xuvenís e as fundacións deberán comunicar a elección dos/as representantes no Consello da Galeguidade á Secretaría Xeral do Consello aportando a acreditación correspondente.

2. Unha vez constituído o Consello da Galeguidade a duración do mandato dos membros electivos será de catro anos.

3. O mandato dos membros que ostenten a representación por razón do cargo finalizará cando cesen no mesmo."

Emenda nº77, de Supresión. Artigo 38

debe suprimirse.

Emenda nº78, de Supresión. Artigo 39

Debe suprimirse.

Emenda nº79, de Supresión. Artigo 40

Debe suprimirse.

Emenda nº80, de Supresión. Artigo 41

Debe suprimirse.

Emenda nº81, de Modificación. Artigo 42

Modificación do Artigo 42, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 42. Funcionamento.

1. O Consello poderá reunirse en Pleno ou en Comisión Permanente. O Pleno do Consello da Galeguidade reunirase en sesión ordinaria cada dous anos. A Comisión Permanente reunirase en sesión ordinaria polo menos unha vez ó ano.
 2. A presidencia poderá convocar aos membros do Consello en sesión extraordinaria sempre que o considere necesario e, en todo caso, a petición da maioría absoluta dos seus membros.
 3. A organización e funcionamento do Consello da Galeguidade desenvolverase regulamentariamente."
-

Emenda nº82, de Adición. Artigo 42

Adición dun novo Artigo 42. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 42. bis). Obrigas dos representantes ou das representantes das federacións, asociacións e do colectivo de retornados e retornadas.

Son obrigas dos representantes ou das representantes das federacións, asociacións e do colectivo de retornados e retornadas:

- a) Comunicar aos centros ou asociacións que representan as resolucións que se adopten nas reunións do Consello.

b) Emitir informe sobre o funcionamento e as actividades que realizan as entidades ás que representan.

c) Coordinar as relacións entre as entidades que representan e os poderes públicos galegos."

Emenda nº83, de Supresión. Artigo 43

Debe suprimirse.

Emenda nº84, de Supresión. Artigo 44

Debe suprimirse.

Emenda nº85, de Supresión. Artigo 45

Debe suprimirse.

Emenda nº86, de Supresión. Artigo 46

Debe suprimirse.

Emenda nº87, de Supresión. Artigo 47

Debe suprimirse.

Emenda nº88, de Supresión. Artigo 48

Debe suprimirse.

Emenda nº89, de Supresión. Artigo 49

Debe suprimirse.

Emenda nº90, de Supresión. Artigo 50

Debe suprimirse.

Emenda nº91, de Supresión. Artigo 51

Debe suprimirse.

Emenda nº92, de Supresión. Artigo 54

Debe suprimirse.

Emenda nº93, de Adición. Disposición adicional única

Adición dunha nova disposición adicional única bis), que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional única bis). Plan Integral da Galeguidade e para a Cidadanía Galega no Exterior.

No prazo máximo de un ano, a partir da entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia aprobará, mediante Decreto, o Plan Integral da Galeguidade e para a Cidadanía Galega no Exterior, como instrumento global de planificación e coordinación de carácter cuatrienal de todas as políticas do sector público autonómico nesta materia.

Corresponde á consellería competente en materia de emigración a coordinación das políticas da Xunta de Galicia respecto á cidadanía galega no exterior e a coordinación para a formulación do referido Plan das distintas consellerías afectadas por razón da materia, así como en relación ao resto de administracións.

Antes da súa aprobación, o Plan debera contar cun informe preceptivo e determinante do Consello de Comunidades

Galegas e, igualmente, deberá ser examinado polo Parlamento de Galicia."

Emenda nº94, de Adición. Disposición adicional única

Adición dunha nova disposición adicional única ter), que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional única ter). Medidas en materia de retorno.

No Plan Integral da Galeguidade e para a Cidadanía Galega no Exterior se recollerán as medidas que a Xunta de Galicia, en colaboración co resto de administracións, teña previsto realizar para remover os obstáculos que dificulten á cidadanía galega de retornados e retornadas o acceso ás prestacións ou beneficios sociais existentes, nas mesmas condicións que os residentes en Galicia.

Igualmente, co obxecto de facilitar a protección e o retorno especialmente en situacións de violencia de xénero, se preverán as actuacións necesarias para cando o país de residencia non ampare se xeito suficiente ás vítimas destes delitos.

A Xunta de Galicia promoverá o acceso á vivenda dos/das emigrantes da cidadanía galega de retornados e retornadas, tendo en conta as necesidades específicas deste colectivo."

Emenda nº95, de Adición. Disposición adicional única

Adición dunha nova disposición adicional única quater), que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional única quater). Informe de valoración.

Cando menos, con carácter bianual, a Xuntade Galicia elaborará e remitirá ao Parlamento de Galicia un informe no que se fará una valoración do grado de cumprimento e dos efectos da aplicación da presente lei.



Dito informe deberá pois, entre outros aspectos, dar conta das consignacións específicas existentes para o cumprimento dos fins da presente lei, da súa evolución e súa utilización real."

Emenda nº96, de Modificación. Exposición de motivos

Modificación do apartado 3, parágrafo quinto.

"Debe supirmirse".... Así mesmo, régúlase o Rexistro da Galeguidade".

Emenda nº97, de Adición. Exposición de motivos

Adición dun novo parágrafo tres bis), apartado 2 na exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"Recentemente estamos asistindo a un novo fenómeno migratorio, como consecuencia da crise económica, que está obrigando a moitos galegos e galegas a buscar oportunidades laborais fora de Galicia e de España. A Comunidade Autónoma non pode renunciar nin o seu potencial actual nin a buscar os instrumentos que permitan o seu retorno."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2013 17:57:35